

”PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE NADAL 2020”

PROCESO DE INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA
(DO DÍA 8 AO 14 DE DECEMBRO DE 2020)

O Departamento de Educación do concello de Santiago ten previsto a realización dun programa de conciliación laboral e familiar no período das vacacións de Nadal 2020 (días 23, 24, 28, 29, 30 e 31 de decembro de 2020 e o 4, 5 e 7 de xaneiro de 2021). Este programa comprende un conxunto de actividades, a desenvolver en instalacións do CEIP Monte do Postes, no CEIP Quiroga Palacios e no CEIP de Roxos-Villestro, destinadas á poboación escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago.

Este programa concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais dun recurso para a conciliación familiar e laboral no tempo de vacacións.

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA:

Destinatarios: nenos e nenas que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

Datas de realización e modalidades de participación: O programa desenvolverase durante o período de vacacións escolares de Nadal: os días 23, 24, 28, 29, 30 e 31 de decembro de 2020 e o 4, 5 e 7 de xaneiro de 2021, sen prexuízo dos traballos previos necesarios para a organización da actividade.

As modalidades a escoller polos interesados son:

Completa: os 9 días.

Quenda do mes de decembro de 2020: días 23, 24, 28, 29, 30 e 31.

Quenda do mes de xaneiro de 2021: días 4, 5 e 7.

Nesta ocasión e pola situación da pandemia non se admiten solicitudes para días soltos.

O horario do campamento de Nadal será de 9:00 a 14:00 horas; ofrécese a posibilidade de que as familias podan solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (de 8.00 a 9:00 horas) e un servizo de comedor (de 14:00 a 16:00 horas).

NÚMERO DE PRAZAS: 55 prazas entre os tres centros, 30 participantes no servizo de comedor e 20 para o de madrugadores:

Para o desenvolvemento do programa é imprescindible:

- Que formalicen a correspondente matrícula un mínimo de 15 participantes diarios para as actividades de 9 a 14 horas en cada un dos centros nos que se desenvolva o programa.
- Para a prestación dos servizos de comedor é necesario un mínimo de 10 participantes diarios en cada un dos centros e para o servizo de madrugadores establécese un mínimo de 5 participantes diarios.
- Tendo en conta a situación actual establécese un número fixo de 5 participantes por grupo (necesítase contar con 5 participantes para a apertura de cada novo grupo en cada un dos centros).

LUGAR DE EXECUCIÓN: as actividades terán lugar en instalacións do CEIP Monte dos Postes (Rúa das Fontiñas, nº 79) e no CEIP Quiroga Palacios (Rúa Villaldía núm. 33-35) e no CEIP de Roxos-Villestro (Rúa da Barrosa núm. 61)

"PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE NADAL 2020"

OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL:

Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Promover actividades que favorezan o desenvolvemento da creatividade dos participantes.
- Desenvolver a autonomía persoal e a intelixencia emocional dos participantes.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de ocio e tempo libre.
- Fomentar o gusto pola lectura.
- Promover actividades que favorezan a relación entre iguais e a colaboración.
- Fomentar os valores de compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.

TIPO DE ACTIVIDADES

No programa combinaranse actividades lúdicas, deportivas, xogos e obradoiros.

MODALIDADES E HORARIOS

SERVIZO	HORARIO
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 8:00 ás 16:00 h
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 8:00 ás 14:00 h.
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.

INSCRICIÓN E MATRICULACIÓN

- Abrirase un prazo de inscrición e matrícula entre os días 8 e 14 de decembro de 2020 (ambos os dous incluídos). Para participar no programa terán que enviar o impreso de matrícula asinado xunto co xustificante de pagamento na conta bancaria municipal en ABANCA ES89 2080-0388-2031-1000-2662. Deberán indicar no momento de facer o ingreso: *Nome e apelidos do neno/a solicitante e modalidade escollida.*

O sistema de formalización da inscrición e matriculación no programa pode realizarse como segue (a escoller):

- De forma telemática dirixido ao Rexistro Electrónico do Concello de Santiago.
- Presentala presencialmente na súa sede ubicada na Rúa Presidente Salvador Allende, 4, con cita previa (no teléfono 881 505 107).

”PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE NADAL 2020”

- En calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - Aquelas persoas que non poidan presentar a solicitude polos Rexistros Electrónicos poderán presentar a correspondente documentación por correo electrónico no enderezo do Departamento municipal de Educación reservaseducacion@santiagodecompostela.gal
 - Tamén para facilitar a inscrición do programa daquelas persoas que non teñan acceso a internet, poderán presentar a documentación correspondente de forma presencial no Departamento de Educación (Edificio Cersia. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/N. San Lázaro, en horario de 8:30 horas a 14:30 horas). Deberán chamar previamente ao teléfono 981 55 44 00-01
- O Departamento de Educación do Concello de Santiago facilitará os correspondentes impresos de matrícula no programa e publicará a lista de admitidos e, no seu caso excluídos, na páxina web do concello de Santiago de Compostela www.santiagodecompostela.gal
- No caso de existir máis demanda que prazas ofertadas realizarase un sorteo público, que consistirá na introdución de tantas bolas nun bombo como solicitantes. Elaborarase unha listaxe numerada con todos os inscritos no programa atribuíndo a cada solicitante un número nese listado. Sacarase unha bola ao azar quedando automaticamente inscritos o número extraído e os sucesivos da listaxe ata completar o número total de prazas. O resto pasará a formar parte dunha listaxe de agarda. O sorteo, de producirse, será anunciado na páxina web do concello, no banner e na sección de anuncios. O sorteo é público.
- Os solicitantes deberán estar empadroados no concello de Santiago (que se comprobará de oficio polo concello de Santiago), ou estar matriculados nun centro educativo do municipio de Santiago (neste caso deberán achegar certificación expedida polo centro onde estuda, indicando nome e apelidos do neno/a matriculado e curso).
 - Será motivo de exclusión non cumprir o requisito de idade, non entregar a documentación solicitada, non realizar o pagamento das cotas establecidas nos prazos sinalados, non estar empadroado en Santiago ou escolarizado nun centro educativo do municipio de Santiago.

Os pagos realizados non se devolverán en ningún caso, agás:

- A. Que non se chegue a realizar o programa ao non cubrirse un mínimo de prazas.
- B. Por motivo de exclusión ao non cumprir os requisitos que se establecen na convocatoria.
- C. Aqueles solicitantes que quedan fóra por superar as prazas dispoñibles.

- **Documentación a presentar:**

”PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE NADAL 2020”

- Ficha de formalización de matrícula, cuberta e asinada.
- Certificado do centro educativo no que está matriculado o neno/a no caso de non estar empadroadado no concello de Santiago e Compostela
- Copia do título de Familia Numerosa (se é o caso).
- Acreditación de ser familia monoparental (se é o caso): Fotocopia do Libro de Familia ou copia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno filiais.
- Informe de discapacidade de neno/a, se é o caso.
- Fotocopia cartilla sanitaria.
- Informe de Servizos Sociais (se é o caso).
- Xustificante de pagamento bancario en ABANCA ES89 2080-0388-2031-1000-2662. No momento do pago deberán indicar o nome do/a neno/a e a modalidade na que participa.

PREZOS

A.- PREZOS XERAIS ORDINARIOS

Estes prezos están pensados para usuarios en xeral aos que se lle aplicará un desconto do 30% cando acrediten ser familia numerosa, monoparental e cando participen dous irmáns no programa. O desconto aplicarase a todos os solicitantes que cumpran ese requisito; é dicir se participan dous ou máis irmáns nesta oferta, o desconto se lle aplicará a todos os irmáns. Os descontos non son acumulables.

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA COMPLETO (9 días)	
		Sen desconto	Con desconto (30%)*
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 8:00 ás 16:00 h	□ 357,00 €	□ 249,90 €
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 8:00 ás 14:00 h.	□ 276,00 €	□ 193,20 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	□ 321,00 €	□ 224,70 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	□ 240,00 €	□ 168,00 €

B.- PREZOS ESPECIAIS PARA FAMILIAS CON ESCASOS RECURSOS

Co obxecto de favorecer a participación de usuarios de familias con escasos recursos, nunhas datas tan sinaladas, establécense unhas reducións do 50 e do 100% do custe. Estes usuarios deberán ser beneficiarios do Departamento municipal de Servizos Sociais e polo tanto contarán obrigatoriamente con Informe previo expedido por ese Departamento, que ditaminará a porcentaxe de desconto que será de aplicación (o 50 ou o 100%).

”PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE NADAL 2020”

1. Prezos ordinarios programa completo: 9 días (desconto do 50%).

MODALIDADES	IMPORTE
Servizo de madrugadores con almorzo	18,00 euros
Obradoiros e actividades	120,00 euros
Servizo de comedor	40,50 euros

O desconto do 50% aplicaráselle a cada solicitante, mesmo se son da mesma unidade familiar.

Máis información:

Departamento de Educación e Cidadanía

Edificio CERSIA

Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n-San Lázaro

Tfnos.: 981 554 400/401 Fax: 981 571 511

dptoeducacion@santiagodecompostela.gal; www.santiagodecompostela.gal

